



# PLAN DIXITAL

## [CEIP DE QUIROGA]

[Versión\_ xuño 2023]

# Índice do Plan Dixital

## 1. **Introdución**

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. **Situación de partida**

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. **Plan de Acción**

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. **Avaliación do PD**

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. **Difusión do PD**

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

Tipo de centro..... Colexio de Educación Infantil e Primaria

Denominación oficial.....CEIP de Quiroga

Código do centro..... 27013703

Provincia.....Lugo

Enderezo..... R/ Río Lor S/N

Código Postal..... 27320

Teléfonos ..... 982828237, 982828238

Fax ..... 982828239

NIF..... Q2768010G

Dirección de correo electrónico: ceip.quiroga@edu.xunta.es

Páxina Web: [www.edu.xunta.es/centros/ceipquiroga](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipquiroga)

| Nº UNIDADES |             |             |
|-------------|-------------|-------------|
|             | Catalogadas | Funcionando |
| Infantil    | 3           | 3           |
| Primaria    | 6           | 6           |

| ALUMNADO |     |
|----------|-----|
| Infantil | 54  |
| Primaria | 110 |
| Total    | 164 |

| PROFESORADO |    |    |    |    |    |    |    |    |     |       |
|-------------|----|----|----|----|----|----|----|----|-----|-------|
| EP          | EI | EF | FF | FI | EM | PT | AL | DO | REL | TOTAL |
| 6           | 4  | 1  | 0  | 1  | 1  | 1  | 2  | 1  | 1   | 18    |

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro.

- A contorna:

O CEIP de Quiroga enmárcase nunha zona rural do sueste da provincia de Lugo que abrangue unha superficie de 324 km<sup>2</sup> e ten unha poboación de 3151 habitantes (1481 homes e 1670 mulleres) repartida en 22 parroquias e 123 entidades singulares de poboación. Todas as parroquias do concello son de carácter rural a excepción da de Quiroga na que está emprazada a capitalidade municipal e os centros educativos.

As principais actividades económicas son: a agricultura que empeza a rexurdir timidamente a través dos sectores vitivinícola e oleico, a minería (conta cunha canteira de lousa) e a pequena industria e o sector servizos que ocupan a maior porcentaxe de poboación activa do municipio. Nos últimos anos a capitalidade do municipio, de onde procede a maior parte do alumnado, está a evolucionar cara un tipo de zona semiurbana, converténdose a vila e os seus arredores, no núcleo en expansión principal da poboación, mentres outras parroquias quedan despoboadas ou polo menos non hai xa poboación infantil.

Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente a un estrato medio a medio-baixo.

A estes datos debemos engadir que nos últimos anos a poboación do noso municipio viuse incrementada pola chegada de varias familias emigrantes procedentes de países tan diversos como China, Brasil, Ucraína, Marrocos ... Tamén é significativo o número de familias que retornaron á vila procedentes doutras comunidades autónomas e o feito de que no noso concello hai unha numerosa poboación de etnia xitana asentada nun poboado a dous quilómetros do centro escolar.

- O Centro:

Este é un centro con 24 anos de antigüidade e que adapta as súas características á normativa actual, pero que presenta algunhas deficiencias na concepción do espazo que afectan dun xeito máis ou menos directo ás relacións entre o alumnado e á convivencia.

O edificio escolar consta de dúas prantas, na pranta baixa sitúanse as aulas de educación infantil, o ximnasio, o comedor e os espazos administrativos xunto coa sala de mestres/as. Na pranta superior están as aulas de primaria, as de especialidades, o departamento de orientación e a biblioteca.

O tamaño das aulas, aínda que adaptado á legalidade, parece demasiado reducido para poder manexar o espazo como recurso didáctico.

O equipamento informático que foi dotado xa hai anos pola Consellería está obsoleto, as aulas están dixitalizadas grazas ao esforzo económico do centro, xa que a Administración solo dotou no

seu momento as aulas Abalar, a biblioteca e un aula de usos múltiples, que agora funciona como aula de apoio. Hai dous cursos que formamos parte do proxecto E-Dixgal, polo que podemos dicir que so os grupos de 5º e 6º de EP están preparados para unha aplicación real do Plan Dixital do Centro. Esperamos que o feito de elaboración do mesmo, plasmando todas as necesidades do centro sirva para unha dotación de recursos informáticos que nos permita levalo a cabo.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

A resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, sinala entre os seus obxectivos:

- a) Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimice a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.
- b) Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.

c) Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.

d) Definir o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital e a súas funcións.

## 1.4. Proceso de elaboración

O obxectivo final da posta en marcha do Plan Dixital é mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado -tanto individual como colexiada- e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.

O equipo de dinamización do Plan Dixital está formado pola directora do centro, a coordinadora do PFPP e 5 mestres/as do claustro.

### Fases da elaboración do plan:

#### *1. Análise da situación do centro: informe SELFIE e Test CDD*

Para a diagnose da situación en relación a competencia dixital, o centro usou a ferramenta de autoavaliación SELFIE, coa finalidade de obter en liña un informe de autoavaliación do centro.

De xeito complementario, o profesorado realizou o test CDD baseado no marco DigCompEdu desde o seu perfil persoal. Este test permitiu obter un Informe Individual coa valoración global do nivel competencial do profesorado polas áreas deste Marco. Así mesmo, xera un Informe de Centro, que permitiu obter datos e informacións relevantes para unha análise completa.

#### *2. Diagnose de situación do centro: DAFO*

A partir do Informe SELFIE, o centro xerou un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que nos permitiu a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

O Informe Individual do test CDD permitiu ao centro educativo avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente. Así mesmo, o informe de centro permitirá planificar a liña de formación a través dos PFPP.

#### *3. Elaboración do Plan Dixital*

O Plan Dixital realizarase en base á información recollida dos informes de análise da situación do centro, da diagnose elaborada e de acordo coa estrutura que recolle a normativa. Neste paso, establécense os obxectivos e liñas de actuación a seguir descritas no devandito plan.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Conexión por cable: dirección, xefatura de estudos, secretaría, sala de mestres e biblioteca; por WIFI: aulas.

Equipamento dispoñible. Aulas dixitalizadas: todas contan con canón, pizarra dixital e ordenador portátil. Proxecto E-Dixgal: en 5º e 6º

Equipos de xestión e administración: secretaría, dirección e xefatura de estudos teñen un ordenador de sobremesa en cada despacho. Biblioteca: dous ordenadores portátiles e un de sobremesa. Dúas tabletas. Sala de profesorado e departamentos: na sala de mestres hai dous ordenadores de mesa que non funcionan ben. O departamento de orientación conta cun ordenador de sobremesa desactualizado e un ordenador portátil.

Aula de informática e dotacións para proxectos específicos: 14 ordenadores de mesa en mal estado (son moi vellos). Para o proxecto da biblioteca creativa contamos cunha impresora 3D.

Servizos dixitais educativos: o centro dispón de páxina web, aula virtual, E-dixgal, Abalarmóbil e blogs.

Xestión do mantemento do equipamento do centro. O encargado do inventario é o secretario. A recepción e distribución é función do equipo directivo. O mantemento dos equipos do centro corresponde á Consellería. Todos os portátiles do centro, agás os das aulas E-dixgal, foron adquiridos polo centro.

| Uso do espazo                           | Infraestrutura de conectividade | Infraestrutura de equipamento dixital | Estado actual                           | Necesidades futuras |
|---|---------------------------------|---------------------------------------|---|---------------------|
| Biblioteca                              | wifi                            | 3                                     | bo                                      | 2                   |
| Administración (Secretaría)             | cable                           | 1                                     | bo                                      | 1                   |
| Sala de docentes                        | wifi                            | 2                                     | Necesitan cambiarse                     | 3                   |
| Despacho de dirección                   | cable                           | 1                                     | bo                                      | 1                   |
| Despacho de Xefatura                    | cable                           | 1                                     | bo                                      | 1                   |
| Aulas de infantil                       | wifi                            | 3                                     | Necesitan cambiarse                     | 4                   |
| Aula multiusos infantil                 | wifi                            | 1                                     | Necesitan cambiarse                     | 1                   |
| Aula informática                        | wifi                            | 14                                    | Mal estado, teñen todos máis de 15 anos | 20                  |
| Aulas de titorías de primaria (1ª a 4ª) | wifi                            | 4 (dispositivos para titores/as)      | 2 bo<br>2 necesitan cambiarse           | 2                   |
| Aulas E-dixgal (5º e 6)                 | wifi                            | 40                                    | bo                                      |                     |
| Aula de relixión                        | wifi                            | 1                                     | bo                                      |                     |
| Aula de música                          | wifi                            | 1                                     | bo                                      |                     |
| Aula de lingua estranxeira              | wifi                            | 1                                     | bo                                      |                     |
| Aula de AL                              | wifi                            | 1                                     | Necesita cambiarse                      | 1                   |
| Despacho de orientación                 | wifi                            | 1                                     | Necesita cambiarse                      | 1                   |



## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

| Areas  | Grupos           | Ensinanza: Primaria |
|--|------------------|---------------------|
| <b>A -Liderado</b>                             | Equipo Directivo | 3.3                 |
|  | Profesorado      | 3.7                 |
|  | Alumnado         | --                  |
| <b>B- Colaboración e redes</b>                 | Equipo Directivo | 3.7                 |
|  | Profesorado      | 3                   |
|  | Alumnado         | 3.1                 |
| <b>C- Infraestruturas e Equipos</b>            | Equipo Directivo | 3.8                 |
|  | Profesorado      | 3.9                 |
|  | Alumnado         | 4.1                 |
| <b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b> | Equipo Directivo | 3.6                 |
|  | Profesorado      | 3.5                 |
|  | Alumnado         | --                  |
| <b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>          | Equipo Directivo | 4.4                 |
|  | Profesorado      | 4.1                 |
|  | Alumnado         | --                  |
| <b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>    | Equipo Directivo | 4.1                 |
|  | Profesorado      | 3.6                 |
|  | Alumnado         | 3.6                 |
| <b>G- Prácticas de avaliación</b>              | Equipo Directivo | 3.8                 |
|  | Profesorado      | 3                   |
|  | Alumnado         | --                  |
| <b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>    | Equipo Directivo | 3.7                 |
|  | Profesorado      | 3.7                 |
|  | Alumnado         | 4.1                 |

Participación segundo perfil do profesorado

|                    | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|--------------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| <b>DEFINITIVO</b>  | 7                             | 7                     | 100%            |
| <b>PROVISIONAL</b> | 2                             | 2                     | 100%            |
| <b>INTERINO</b>    | 7                             | 9                     | 77,80%          |
| <b>SUBSTITUTO</b>  | 3                             | 3                     | 100%            |

Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 80,8 %                               | Integrador/a (B1)    | 76,4 %  | Integrador/a (B1)               |

Puntuación e nivel de competencia por etapas

|  | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
|--|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|

|           |        |                   |        |                   |
|-----------|--------|-------------------|--------|-------------------|
| <b>EI</b> | 60,9 % | Explorador/a (A2) | 68,2 % | Integrador/a (B1) |
| <b>EP</b> | 86,2 % | Integrador/a (B1) | 77 %   | Integrador/a (B1) |

#### Distribución do profesorado por niveis

|              | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|--------------|---|---|
| <b>A2</b>    | 6   | 30%                                       |
| <b>B1</b>    | 10  | 50%                                       |
| <b>B2</b>    | 2   | 10%                                       |
| <b>C1</b>    | 2   | 10%                                       |
| <b>TOTAL</b> | 20  | 100,00%                                   |

#### Puntuación e nivel de competencia do centro por competencias

|  | Puntuación | Puntuación total da área | Puntuación media sobre 10 |
|--|------------|--------------------------|---------------------------|
| <b>1. Compromiso profesional</b>                             | 24,3       | 54                       | 4,5                       |
| <b>2. Recursos dixitais</b>                                  | 14,2       | 30                       | 4,7                       |
| <b>3. Ensino e aprendizaxe</b>                               | 12,4       | 30                       | 4,1                       |
| <b>4. Avaliación</b>   | 6,9        | 18                       | 3,8                       |
| <b>5. Capacitación do alumnado</b>                           | 10,3       | 24                       | 4,3                       |
| <b>6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado</b> | 12,9       | 36                       | 3,6                       |
| <b>Total</b>   | 81         | 192                      | 4                         |

### 2.3. Análise DAFO

| INTERNOS          |                                    | FORTALEZAS   | DEBILIDADES   |
|-------------------|------------------------------------|--|---|
| <b>CATEGORÍAS</b> | <b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b> | <p>Os equipos do alumnado de 5º e 6º de primaria e as redes están actualizadas.</p> <p>Existen dispositivos dixitais para empregar no labor docente.</p> <p>Existe acceso á internet.</p> <p>Suficiente política de protección de datos.</p> <p>Hai dispositivos dixitais para todo o profesorado e para o alumnado de 5º e 6º de primaria.</p> <p>Todas as aulas contan con proxector e PDI.</p>  | <p>Non hai asistencia técnica interna suficiente.</p> <p>Equipo dixital insuficiente para o alumnado.</p> <p>Conexión á internet pouco fiable ou lenta.</p> <p>Acceso limitado a dispositivos dixitais (agás 5º e 6º de primaria).</p> <p>Equipo dixital obsoleto na sala de mestres.</p>   |
|                   | <b>PERSOAL DOCENTE</b>             | <p>O profesorado busca recursos educativos dixitais en internet.</p> <p>Existe creación de recursos dixitais por parte do profesorado.</p> <p>Se usan contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado de primaria.</p> <p>O profesorado elabora diferentes actividades tecnolóxicas acordes ás necesidades do alumnado.</p> <p>O profesorado utiliza as tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro.</p> <p>Se utilizan tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado de primaria.</p> <p>Se utilizan tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado de 5º e 6º de primaria.</p> <p>O profesorado mostra interese para o uso das TIC.</p> <p>Valoración positiva ante a utilidade da formación tanto en liña coma presencial.</p> <p>O 42% adica á ensinanza dixital máis dun 50% do tempo.</p> | <p>Insuficiente reflexión sobre as necesidades da DPC.</p> <p>Non se empregan tecnoloxías dixitais para traballar en equipo.</p> <p>A falta de dispositivos informáticos non permite a participación do alumnado en proxector interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>Non se utilizan tecnoloxías dixitais para facilitar a retroalimentación axeitada ao alumnado (agás en 5º e 6º de primaria).</p> <p>Falta de tempo para a creación de recursos.</p> <p>Nula dispoñibilidade horaria para a coordinación.</p> <p>Falta de tempo para a formación.</p> <p>So o 35% do profesorado é definitivo.</p> <p>Os especialistas de orientación non teñen grupos asignados de docencia en ABALAR polo que teñen dificultades para o envío de mensaxería.</p> |
|                   | <b>PERSOAL NON DOCENTE</b>         | <p>O personal non docente ten interese polas novas tecnoloxías e valoran positivamente a súa aplicación.</p>   | <p>Os/as auxiliares de conversa non teñen acceso á internet a través dunha conta corporativa da Xunta.</p> <p>O persoal de conserxería non ten acceso á información dixital relevante do centro para atender e informar ás familias.</p> <p>Os coidadores/as non teñen acceso a dispositivos para realizar rexistros de conduta, alimentación, etc.</p>   |
|                   | <b>ALUMNADO</b>                    | <p>Existe una aprendizaxe para actuar de maneira segura e responsable en internet no alumnado de 5º e 6º de primaria.</p> <p>A maioría emprega a tecnoloxía para realizar as tarefas escolares na casa menos dunha hora ao día (5º e 6º de primaria).</p> <p>O 76% do alumnado de 5º e 6º de primaria sabe usar o software e aplicacións sen axuda.</p> <p>O alumnado de 5º e 6º aprenden a crear</p>  | <p>Non se empregan tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos demais.</p> <p>Insuficientes estratexias para facilitar a participación do alumnado en procesos de avaliación entre iguais.</p> <p>O alumnado aprende a comprobar si a información que atopa en internet é fiable e precisa de maneira inicial.</p> <p>O alumnado non aprende a dar crédito ao</p>  |

|                               |   |   |
|-------------------------------|---|---|
|                               | contidos dixitais básicos (ofimática).  | traballo doutras persoas que atoparon en internet.<br>O alumnado non sabe crear contidos dixitais (agás os básicos en 5º e 6º).<br>O alumnado aprende a comunicarse usando tecnoloxías dixitais de maneira inicial nos cursos altos de primaria.<br>O 80% do alumnado de 5º e 6º non emprega a tecnoloxía fóra do centro con fins educativos.<br>O 65% do alumnado emprega a tecnoloxía para o ocio máis dunha hora ao día.<br>Exceptuando aos cursos de 5º e 6º, as competencias dixitais do alumnado son insuficientes. |
| <b>FAMILIAS</b>               | Amosan interese pola formación dixital dos seus fillos/as.<br>Acoden ao centro e ás titorías cando teñen dúbidas no uso do Abalar ou da aula virtual.   | Competencia dixital baixa.<br>O sistema de comunicación coas familias (ABALAR) é moi limitado.  |
| <b>OFERTA</b>                 | O centro conta con comedor escolar (con cociña in situ) e transporte escolar.<br>O centro participa en numerosos programas da Xunta. Nos Contratos Programa: Inclúe e Recupera; no Plan Proxecta: Educación patrimonial, Xacobeo e PVAD; e outros coma Biblioteca creativa (coa impresora 3D), ARCO, sección bilingüe e auxiliares de conversa.   |   |
| <b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b> | Equipo directivo e profesorado están involucrados no desenvolvemento dunha estratexia dixital.<br>Explóranse novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.<br>Hai avaliación dos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.<br>Existe o debate sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.<br>Existe acceso e posibilidades de FPP.<br>Suficiente participación en proxectos interdisciplinares.<br>Experiencia no uso de contornos virtuais de aprendizaxe (E-Dixgal, AV).<br>Comunicación regular e ben organizada. | Non contamos cunha estratexia dixital no centro.<br>Non hai asistencia técnica interna insuficiente.<br>Non existe un banco de recursos dixitais do propio centro.  |

| EXTERNOS          |                                 | OPORTUNIDADES   | AMEAZAS   |
|-------------------|---------------------------------|---|---|
| <b>CATEGORÍAS</b> | <b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b> | <p>A administración educativa aposta polo Plan Dixital.</p> <p>Existe mentor ADIX no centro e pode ser unha maneira de dar visibilidade e empoderar ao mesmo dentro da comunidade como pioneiro de algo novidoso.</p>   | <p>Falta de fondos.</p> <p>Falta de dotación de recursos dixitais nos centros.</p> <p>Burocracia excesiva.</p> <p>Carga de traballo excesiva.</p> <p>Lentitude por parte da administración educativa respecto da atención de solicitudes de novo equipamento tecnolóxico.</p> |
|                   | <b>LEXISLACIÓN</b>              | <p>Suficiente política de protección de datos.</p> <p>As diferentes administracións educativas; tanto autonómica, estatal, coma europea; están a realizar un gran esforzo neste momento pola dixitalización do ensino e a mellora na competencia dixital para transformas os centros de ensino en entidades dixitalmente competentes.</p> | <p>Non chega a información de maneira clara aos centros sobre a lexislación e as normativas europeas e estatais en competencias dixitais.</p> <p>Exceso de lexislación educativa e cambios continuos.</p>   |
|                   | <b>CONTORNA</b>                 |   | <p>Acceso limitado a unha conexión estable de internet.</p>   |
|                   | <b>ANPA</b>                     | <p>Colabora en todas as actividades do centro.</p> <p>Propoñen actividades relacionadas coas competencias dixitais</p>  |   |
|                   | <b>OUTRAS ENTIDADES</b>         | <p>Existe colaboracións con outras entidades.</p> <p>Ofertas de formación.</p> <p>O centro traballa a través de contornas virtuais coa asociación Meniños mediante o programa Benquerer.</p> <p>O centro participa no Plan Director da Garda Civil para traballar as boas prácticas na internet.</p>                                      | <p>Cobro de comisións por parte da entidade bancaria.</p>   |

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. En canto aos primeiros, xa están expostos en diferentes puntos deste plan. En canto aos recursos humanos, o CEIP de Quiroga conta con 18 mestres/as, dos cales son definitivos 9. Polo que o nivel de competencia dixital do profesorado pode variar de cara ao vindeiro curso.

Os obxectivos expostos supoñen unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

Os obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal que queremos conseguir son os seguintes:

- Dispoñer de tempo para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital, que serán previamente, difundidas entre o claustro.
- Aumentar o emprego da aula virtual do centro para o debate entre o profesorado.
- Actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais da sala de mestre e da aula de informática.
- Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente na etapa de educación infantil.
- Promover o uso da aula virtual do centro por parte do alumnado ata 4º de primaria.
- Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado de educación primaria para analizar a fiabilidade da información.
- Ofertar dispositivos dixitais no recuncho creativo da biblioteca para uso do alumnado.
- Aumentar o número de docentes que participan nos Programas de Formación Permanente do Profesorado).
- Promover a comunicación entre os titores/as e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro.

Os indicadores expostos nas táboas foron establecidos a través das enquisas e do análise DAFO do centro.

| <b>Área/s de mellora: Liderado (A)</b>   |  |                   |   |  |            |                    |          |
|--|--|-------------------|---|--|------------|--------------------|----------|
| <b>OBXECTIVO 1:</b>  | Dispoñer de tempo para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital, que serán previamente, difundidas entre o claustro (Item A4*) |                   |   |  |            | <b>Acadado</b>     |          |
| <b>Responsable:</b>  | Xefatura de estudos  |                   |   |  |            | <b>Non acadado</b> |          |
| <b>INDICADOR DO OBXECTIVO:</b>   | Tempo dispoñible polo profesorado durante a xornada escolar para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital                      |                   |   |  |            |                    |          |
| <b>Valor de partida:</b>   | 0 horas adicadas á exploración de novas modalidades de ensino dixital.   |                   |   |  |            |                    |          |
| <b>Valor previsto e data:</b>  | 1 hora cada 15 días para explorar novas modalidades de ensino dixital  |                   |   |  | 30/10/2022 |                    |          |
| <b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>   |  |                   |   |  |            |                    |          |
| DESCRICIÓN   | RESPONSABLES   | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS   | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN  |            |                    |          |
|  |  |                   |   | VALORACIÓN DA ACCIÓN   |            | ESTADO             |          |
| <b>A02.1: Crear un curso na AV para difundir información do Plan Anual relacionada coa estratexia dixital do centro.</b> | Equipo Tic   | 22/6/2023         | Panel expositor na sala de mestres.<br>Aula virtual           | A actualización do Plan Dixital é publicada trimestralmente na web do centro. Nos claustros, o profesorado é informado dos avances e propostas do Plan.  |            | <b>Realizada</b>   | <b>x</b> |
|  |  |                   |   |  |            | <b>Aprazada</b>    |          |
|  |  |                   |   |  |            | <b>Pendente</b>    |          |
| <b>A02.2: Crear un grupo de comunicación para compartir novas sobre recursos dixitais</b>                                | Profesorado<br>Equipo Tic  | 22 xuño 2023      | Curso AV formato actividade única: Foro Mensaxería grupal AV  | A metade do profesorado é novo polo que as competencias dixitais variaron. O "grupo de comunicación" non é posible. O profesorado comparte os seus coñecementos sobre recursos dixitais de forma natural.                                      |            | <b>Realizada</b>   |          |
|  |  |                   |   |  |            | <b>Aprazada</b>    | <b>x</b> |
|  |  |                   |   |  |            | <b>Pendente</b>    |          |
